

DRAGAL: FINAL ALTERNATIVO

Seica a presa se lle ía poñer ante os pés. Sen máis, sen traballo ningún, atoparíase aínda máis cerca da súa gloria. Humanos, eles sempre lle tiveron medo e era grazas a isto o que se facía máis e máis forte, máis e máis mortal co paso do mesmo tempo. Fora tan fácil...! Tan fácil enganar ós cabaleiros e levalos cara o seu bando.. Milenios atrás tivera lexións baixo o seu mando, o mando do “Gran ser” do “Escama de sangue” como lle adoitaban chamar. Fora tan fácil facer crer as xentes do antigo mundo, que a súa única salvación para non seren castigados pola apocalipse, que chegaría a terra, era acomodarse baixo as ás “Protectoras” da orde, e así, vivir para sempre coma os deuses dos que tanto falaban na igrexa. Magoa que algúns destes cabaleiros se deran conta do plan, e así coma así o foron debilitando, déranse conta do que aque salvador era o único que ía ser mortal, pois canta máis xente estivera cegada pola cocicia de vivir para sempre, máis forza tería el, máis mataría a mozos e vellos polo segredo, para conseguir a esencia da súa mesma vida, a esencia do dragón, que só era pura no sangue dos elixidos, e só eles lle eran á vez unha ameaza. Pola culpa daqueles cabaleiros perdera o control dos seus mandos e pouco a pouco foi morrendo, sen a esencia, sen cumprir a súa misión, sen a inmortalidade que o saciaría por fin..

Mais agora non podía meter a pata. Aquela rapaza non chegaría a ver un novo amencer. E daquela alzaríase triunfante sobre todos e todo faría do mundo seu servo, por sempre.

Escoitáronse entón pasos, apresurados e nerviosos. Era Mónica si, que entre saloucos apartaba as ramiñas e entre o cansazo seguía co seu camiño e paso a paso se achegaba a pedra que lle susurraba que correra, pero ela non a oíu e continuou cara ao final.

Paso a paso, o dragón tamén se deslizaba entre as rochas, decidido e fero, aínda que tamén medoñento por volver fallar.

Mónica deixou as provisións no chan e tirouse na herba. Un minuto, dous, cinco... O tempo pasaba ata que se detivo arredor daquel lugar. Unha sombra reptou polo corpo da nena e riuse do mundo. Só cando o ollo do dragón, xunto coa cabeza se pousou enriba da súa mesma, decatouse do fina tan próximo. Non sentiu nada. Nin o aire que estaba agolpado nos seus pulmóns a piques de tornar en grito, só deixou o seu corpo á deriva do que quixera ser, e alí, un fio de sangue volveu manchar a laxe ata ser unha saba de completo vermello. Ela tamén

acabara vencida polo poder pezoñento da besta. Ela, e da mesma forma ,o mundo, tamén tiña novo dono. O cal xa se alzaba na rocha admirando o tornar das luces no ceo. Sentíase o novo deus, o dragón fundador do terrible novo futuro.

Carla Villaverde, 2º ESO

A loita final

Hadrián temía, temía tanto por el como polo futuro de Mónica. Dragal comezaba a manifestarse, algo o devoraba internamente, algo que ningún home, por máis robusto que fora, aguantaría.

Retorcíase debilmente, mentres ela analizaba perplexa e con medo o acontecido.

El loitaba porque ese suposto “dragón” non o posuía. Mónica non sabía como reaccionar ou que facer xa que o pobre rapaz, o seu querido amigo, encontrábase contendo a aquel ser que o perseguira durante todo ese tempo.

Nun intre, Hadrián comezou a ruxir, finalmente acabou tirado no chan, ela botouse a chorar pensando que os seus peores pesadelos se fixeran realidade, pero...dun momento a outro levantouse torpemente e díxolle a Mónica que collera unha pequena daga de prata encontrada no cuarto do seu defunto pai, nun dos seus petos. E ela así o fixo, sen pensalo dúas veces, armouse de valor e movida por unha sensación de inquietude e malestar que se revolvía as vísceras. Agarrouno, desexou o mellor e doullo.

Hadrián tiña unha mestura de sentimentos e impulsivamente...cravouno, desgarrando a súa triste e pobre alma, un último berro foi despedido. Cando de repente todo quedou mudo, coma se o tempo non avanzara, escoitábanse os delicados choros de Mónica, tirada nun curruncha, tremendo.

Dragal fora finalmente liberado...a súa aura escapaba veloz polo crepúsculo alzándose desafiante.

Adriana Fojo Rego 2ºESO

O rapaz non estaba seguro de querer saír da cova, pois tería que ocultarse durante o resto da súa vida e xamais volvería a ver á súa familia, nin a Mónica, nin a Don Xurxo...

E mentres que o sangue de Dragal se ía apoderando do corpo de Hadrián, o pobre rapaz sentía como o dragón ía usurpando o seu cerebro e domando, pouco a pouco, parte por parte do seu corpo.

Nos seus últimos segundos Hadrián tiña que formular solucións e só se lle ocorrían dúas: vivir só afastado da súa familia e amigos ou rematar con ese ser dunha vez por todas. Nese intre, Hadrián chamou a Mónica e doulle as indicacións dunha guarida secreta que tiña o seu pai na súa casa e el atopara había pouco, pois dentro dela había varios obxectos do seu club, no que, entre eles, se atopaba a espada lexendaria, a única capaz de matar a unha fera tan letal coma Dragal. E coa axuda de Mónica e o o que quedaba de Hadrián, íase a celebrar o seguinte e último sacrificio.

Xusto no momento no que Dragal ía desaparecer, Hadrián pensou que todo remataría; as súas aventuras con Mónica, ben, en realidade, a súa vida enteira remataría, pois el morrería con Dragal.

O rapaz tiña unha loita interna entre a malicia e o egoísmo do dragón e a humildade e a súa boa persoa. Pero, para cando se decidira, xa era tarde e xa non quedaba nin un chisco del, xa era totalmente Dragal. O dragón acercábase máis e máis a Mónica e a espada estaba xusto detrás do ser verde. Pero, no momento en que o dragón ía efectuar o seu ataque cara á Mónica, caeu derrumbado ao chan. Don Xurxo acabara totalmente coa sede de Dragal, ou iso era o que eles pensaban.

Uxía Liñeira Chenlo 2º ESO

Mónica pensou que a mellor maneira de non levantar sospeitas sería acudir a clase con normalidade, e así o fixo. Mais non lograba deixar de pensar no que lle estaría a pasar ao seu amigo.

Cando remataron as clases, Mónica non colleu o autobús cara á súa casa, se non que se dirixiu directamente a igrexa de San Pedro.

-Ola Mónica. - dixo don Xurxo.

- Ola Don Xurxo. - dixo Mónica inquieta.

- E Hadrián? - dixo o cura preocupado.

- Hadrián, Dragal ou quen queira que sexa agora, está refuxiado na Poza da Moura, a espera de que eu lle leve comida. - dixo Mónica mentres lle escorrían as bágoas pola cara.

- Ti toleaches meniña! No momento que Dragal domine por completo a mente de Hadrián, volverá ser un monstro sanguinario. E non dubidará en que ti sexas a súa comida.

- dixo o párroco.

-E logo que fago? Prometinlle a Hadrián que lle levaría alimento. Non o podo deixar morrer de fame! -dixo Mónica.

O cura dirixiuse á sancristía, onde saíu cun pequeno estoxo de coiro na man.

Ao chegar xunto a rapaza, abriuno e sacou do seu interior un inusual frasquiño. Este contiña no seu interior unha especie de substancia líquida, que producía un cheiro a ovos podres, insoportable.

- Que é iso? - dixo Mónica abraiada.

- Isto é unha pócema, creada por algúns antidragalistas. Suponse que serve para matar calquera dragón, mais non está comprobada. - dixo o cura, moi serio.

- Pero iso significa que tamén acabaría coa vida de Hadrián, non si?- dixo Mónica preocupada.

- Iso é o que non sabemos. É a única solución para acabar con Dragal.

Así que haberá que arriscarse... - dixo Don Xurxo entregándolle o obxeto a Mónica.

- Non penso poñer en perigo a vida do meu mellor amigo! - dixo a rapaza berrando.

- Debes de botarllo na comida. Se non o intentas... morrerá de todas formas, xa que o dragón terminará por destruílo. - dixo o párroco decidido.

- Está ben. - dixo a moza ,dubidosa.

Logo foi correndo sen parar ata a súa casa. Alí colleu toda a comida que había na neveira e rociouna coa pócema que lle confiara o párroco.

Ao chegar á Poza da Moura, a rapaza deixou a comida enriba do penedo. Nese intre

puido ver ao lonxe unha enorme sombra, con forma de dragón. Que se aproximaba ao lugar onde ela se atopaba, polo que botou a correr mentres dicía: “ Quérote Hadrián”

Dragal tiña moitísima fame e enguliu as ás de polo que lle deixara a súa amiga dun bocado.

Ao cabo duns segundos, o réptil sentíu un agudo pinchazo no peito e comezou a laiar.

Uns segundos despois, o seu estraño corazón deixou de latir e caeu ao solo.

Ao oír o grande estrondo, provocado pola caída de Dragal, Mónica regresou correndo sobre os seus pasos e encontrou ao xigantesco ser tirado no chan.

Non puido resistilo, achegouse, e ao non velo respirar, tomoulle o pulso e veu que... Dragal estaba morto! Mónica abrazouse a el con todas as súas forzas e rompeu a chorar.

Ao cabo duns minutos, a rapaza decatouse de que o ser estaba mudando de forma e que se estaba convertendo de novo nun adolescente normal.

Mónica non o pensou dúas veces e púxose a intentar reanimalo (por fin lle servirían para algo aqueles cursos de primeiros auxilios que fixera no instituto)

Logo de media hora, sen resposta ningunha por parte do corazón de Hadrián, un leve latexo comezou a soar dentro do rapaz, polo que seguiu insistindo ata que as súas pulsacións se volveron estables.

Non tiña móbil co que avisar a emerxencias, polo que a duras penas, levou ao seu amigo á costas ata o hospital máis próximo.

Mónica fixo unha contractura muscular nas costas, mais valeu a pena xa que lle salvou a vida ao seu mellor amigo.

O rapaz estivo varias semanas na UCI e, por sorte, rematou recuperándose.

A partir dese momento a súa vida volveu a normalidade (xa non había medallóns máxicos, nin por suposto, dragóns).

Mais un par de anos despois, un ser con forma de dragón foi visto no cemiterio subterráneo de Arcos, en Cuntis. Berrando o nome de Hadrián.

Carmen Aboy

UN NOVO DRAGAL

Antes de fuxir cara á Poza da Moura Hadrián deulle a Mónica unha foto súa para que nunca olvidase cal era o seu aspecto, xa que temía que nunca puidese recupéralo perdendo así a batalla co Dragal. Mónica tiña a foto encima do escritorio e unha noite esta comezou a tomar forma ata transformarse nun pequeno dragón que comezou a mordisquear e romper cos seus movementos atolandrados todos os obxectos que había no cuarto.

Mónica espertou, a súa voz puido escoitarse nas mesmas catacumbas, cando ao abrir os ollos veu esa cousa diminuta que non podía identificar voando polo seu cuarto e destrozándoo todo. Levantouse da cama e foi á cociña a beber un vaso de leite pensando que esa visión era froito dun pesadelo. Eran as cinco da mañá cando voltou ao seu cuarto pensando en durmir, xa que ao día seguinte era a proba final de matemáticas con Dona Hermitas. Asomou a cabeza pola rendixa da porta e, con pesar e sobresalto, puido descubrir que non se trataba dun pesadelo. Era... real.

Baixou de novo á cociña, colleu un vaso e subiu rapidamente decidida a capturar a aquel ser. A tarefa non lle resultou doada xa que non paraba quieto. Logo de varios intentos aproveitou que estaba sobrevoando o escritorio para poñerlle o vaso enriba e atrapalo. Unha vez que deixou de dar voltas dentro observouno detidamente e chegou á conclusión de que era a cría dun dragón.

Encendeu o ordenador e buscou información sobre el. De alí a un intre escoitou que unha porta se abría, mirou o reloxo xa pasara demasiado tempo e decatouse que era súa nai, que a ía chamar; apagou o ordenador, gardou ó pequeno dragón no armario e meteuse na cama para non ser descuberta.

Xa de volta da escola pasou pola casa e, como era de costume nos últimos días, colleu algo de comida para levarlla a Hadrián. Para maior seguridade ocorreúselle levar tamén consigo ao pequeno dragón que meteu dentro da mochila.

Cando chegou á Poza armouse de valor e botou un berro para que Hadrián ou o Dragal, non sabía cal dos dous, saíse. Por sorte era Hadrián.

- Que queres, que fas?? Non ves que é perigoso – Di Hadrián-.
- Se non fose importante non me arriscaría – contesta Mónica-. Teño que ensinarche algo.
- De que se trata? Dimo rápido que pode aparecer o Dragal en calquera momento.

Mónica abreu a mochila, os raios do sol impedíanlle ver onde se agochaba o pequeno dragón e cando meteu a man dentro sentiu unha dor no dedo. Cravara unha pequena escama do dragón. Nese momento decatouse que a historia de Hadrián repetíase nela.

Carmen Aboy Reboredo 1º ESO